CA6.3 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz segundo as circunstancias.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Coidado do corpo: a hixiene persoal e o descanso tras a actividade física. - Saúde social: - Dereitos dos nenos e das nenas no deporte escolar. - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. - Saúde mental: - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Toma de decisións en situacións motrices diversas: - Adecuación das accións ás capacidades e ás limitacións persoais en situacións motrices individuais. - Axuste da acción á localización do adversario en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Selección de accións para manter a posesión, recuperar o móbil ou evitar que o atacante progrese en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. - Decisión sobre a posición corporal e a distancia adecuadas en situacións que impliquen oposición sen contacto e con contacto. - Esquema corporal: - Coordinación óculo-pédica e óculo-manual. - Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. - Habilidades sociais: verbalización de emocións derivadas da interacción en contextos motrices. - Respecto das regras de xogo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable. - Conservación das diferentes instalacións e espazos usados para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas seguras no medio natural e urbano.

UD	Título da UD	Duración
8	Bailamos e danzamos.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	TI	100
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade.		
CA2.5 - Adoptar decisións en contextos de práctica motriz de maneira axustada segundo as circunstancias.	Adoptar decisións en contextos de práctica motriz segundo as circunstancias.		
CA2.6 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA2.7 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural, valorando o seu compoñente lúdico-festivo.		
CA3.4 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural, valorando o seu compoñente lúdico-festivo.		
CA3.5 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.		
CA4.1 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural propias da contorna, valorando o seu compoñente lúdico-festivo e gozando da súa posta en práctica.	Participar activamente en xogos e noutras manifestacións artístico-expresivas de carácter cultural, valorando o seu compoñente lúdico-festivo.		
CA5.3 - Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.	Adaptar os distintos usos comunicativos da corporalidade e as súas manifestacións a diferentes ritmos e contextos expresivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - Respecto cara a todas as persoas con independencia das súas características persoais. - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Esquema corporal: - Lateralidade e a súa proxección no espazo. - Xestión emocional: estratexias de identificación, experimentación e manifestación de emocións, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Grao de autonomía e autoconfianza: aumento da autonomía persoal, mellora e afianzamento da confianza en si mesmo e nos demais. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia. - Usos comunicativos da corporalidade: xestos, acenos, posturas e outros.

UD	Título da UD	Duración
9	Xogos recreativos e actividades no medio natural.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentado xestionalas e gozando da actividade física.	Identificar as emocións que se producen durante o xogo, tentado xestionalas.		
CA2.3 - Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade para adaptar o corpo á actividade física e evitar lesións.	Participar en xogos de activación e volta á calma recoñecendo a súa utilidade .		
CA2.8 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana e adoptando actitudes de respecto e coidado.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA4.4 - Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo e mostrando un compromiso activo fronte ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participar nas prácticas motrices cotiás, comezando a desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación; iniciándose na resolución de conflitos persoais mediante o diálogo.		
CA4.6 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana e adoptando actitudes de respecto e coidado.		
CA6.2 - Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida recoñecendo, vivenciando e gozando os seus beneficios en contextos variados e inclusivos e respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.	Coñecer os valores positivos que fomenta a práctica motriz compartida respectando a todos os participantes independentemente das súas características individuais.		
CA6.4 - Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica e integrada en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.	Descubrir, recoñecer e empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira lúdica en diferentes situacións e contextos, mellorando progresivamente o seu control e o seu dominio corporal.		
CA6.5 - Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana, coñecendo os usos que nos achegan a nivel motriz e adoptando actitudes de respecto, coidado e conservación das devanditas contornas.	Participar en actividades lúdico-recreativas de forma segura nas contornas natural e urbana e adoptando actitudes de respecto e coidado.		
CA6.6 - Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas, axudando a mantelos en bo estado.	Utilizar de forma adecuada o material, as instalacións e os espazos nos que se realizan as actividades físicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: - Efectos psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Benestar persoal e na contorna a través da motricidade. - Práctica física: vivencia de diversas experiencias corporais en distintos contextos. - Prevención de accidentes nas prácticas motrices: xogos de activación, quecemento e volta á calma. - Toma de decisións en situacións motrices diversas:

Contidos

- Coordinación de accións en situacións cooperativas.
- Habilidades e destrezas motrices básicas xenéricas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas.
- Condutas que favorezan a convivencia e a igualdade de xénero, inclusivas e de respecto aos demais, en situacións motrices: estratexias de identificación de condutas contrarias á convivencia ou discriminatorias.
- Normas de uso da vía pública: educación viaria para peóns. Mobilidade segura, saudable e sustentable.
- Posibilidades motrices dos espazos de xogo e espaxemento infantil.
- Posibilidades de uso que achega o material para o desenvolvemento da práctica motriz e concienciación dos efectos que se producen sobre a contorna.
- Coidado e conservación da contorna próxima durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía empregada nesta programación será:

- * FLEXIBLE: adaptándose continuamente aos diferentes niveis de cada alumno/a.
- * ACTIVA: fomentando alumnado autónomo e responsable das súas aprendizaxes.
- * PARTICIPATIVA: potenciando a cooperación-colaboración entre iguais.
- * INTEGRADORA: facilitando poder sentirse capaces coas súas propias respostas motrices e coas súas diferenzas, mellorando a autoestima.
- * INDUCTIVA: tentando que o alumno/a poida comprender o que está a facer e cal é o obxectivo.
- * LÚDICA: o xogo, elemento fundamental.
- * CREATIVA: propoñendo a procura de solucións aos problemas que vaian aparecendo ao longo da aprendizaxe.

O xogo será o noso principal recurso, dado o carácter global e lúdico da Educación Física na etapa de primaria. O xogo, polo seu carácter motivador favorece aprendizaxes máis significativas.

Para favorecer ao desenvolvemento das competencias clave, priorizaremos as metodoloxías activas como o traballo por retos, a resolución de problemas e a cooperación; porén, será fundamental tamén que eles experimenten a competitividade sana no xogo; pois iso contribuirá a unha mellor autoxestión emocional e a saber aceptar a vitoria e a derrota.

Os estilos de ensinanza serán variados e dependerán da actividade a desenvolver; así, utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor e apostaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) cando busquemos unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento de proxectos motores, posta en escena deles...). Outros estilos de ensinanza empregados serán: a ensinanza recíproca, o traballo en grupos reducidos e a libre exploración.

Respecto ás agrupacións, distribuiremos ao alumnado en función da actividade a realizar das seguintes formas: traballo individual, traballo en parella, traballo en pequeno grupo, traballo en gran grupo.

Respecto ao meu papel como docente, mantereirei unha posición de proximidade e actuarei sempre que sexa posible como guía e dinamizador das aprendizaxes, favorecendo a súa autonomía e deixando que o alumnado poida tomar decisións sobre no seu proceso.

Na organización da clase tratarei de optimizar o tempo de compromiso motor e evitar os tempos de espera, para o cal debemos contar con material suficiente e diversificar certas actividades.

Finalmente, a atención da diversidade será un aspecto clave; sendo os nosos principios fundamentais a individualización do ensino e a inclusión educativa. Teremos en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón tamén a progresión. Atenderemos tamén as diferentes necesidades, características e niveis de competencia motriz. A atención a diversidade será recollida con maior detalle no seu apartado correspondente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Convencional de gran tamaño: porterías, canastras, bancos, colchonetas, pelotas xigantes, espaldeiras, barra de equilibrio, redes, saltómetro...
Convencional pequeno tamaño: aros, picas, conos, pelotas, pelotas polivalentes, balóns específicos, petos, ligas, cordas, indiakas, testigos, material de psicomotricidade (túneles, semiesferas de equilibrio, canguros...)
Non convencional: sacos, teas, panos, xornais, botellas de plásticos, material de xogos alternativos...
Material audiovisual e TIC: proxector, equipo informático, altosfalantes, proxector, recursos de internet.
Instalacións e recursos da comunidade: ximnasio, aula de usos múltiple, pistas polideportivas, patio cuberto, zonas verdes do cole, pavillón de Beluso, praias, parques e montes da c

Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos cumprirán as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira.
Ao longo do curso e en función da unidade didáctica a impartir, empregaremos materiais diversos. Estes deberán estar acordados ás actividades a realizar e ao período de desenvolvemento no que se atopa o alumnado.
Finalmente, para recoller os recursos e materiais que utilizaremos ao longo do curso, atenderemos á seguinte clasificación: material específico de Educación Física convencional (de pequeno e gran tamaño), material non convencional, material audiovisual e recursos TIC, instalación e recursos da comunidade.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Hai tres momentos significativos no proceso avaliador. Son a avaliación inicial-diagnóstica, a avaliación procesual-formativa; e a avaliación final sumativa.

A avaliación inicial realizarase a primeiros de curso durante o mes de setembro e será o punto de partida do traballo posterior. Esta permitirá obter un diagnóstico inicial da situación social do grupo e do seu nivel de competencia motriz e estará composta por xogos, circuitos e actividades cos seguintes contidos:

- Estructuración espazo-temporal.
- Equilibrio.
- Coordinación.
- Habilidades básicas de desprazamento.
- Habilidades básicas de salto.
- Capacidades físicas: Resistencia, Velocidade, Forza, flexibilidade.

Tamén ao inicio de cada unidade didáctica realizarase unha avaliación do punto de partida con respecto aos contidos específicos a traballar. Esta condicionará o grao de complexidade das seguintes sesións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	12	9	12	8	16	9	14	8	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para determinar a nota do alumnado, débense establecer uns criterios de cualificación que se relacionen directamente cos criterios de avaliación.

Todo alumnado ten dereito a unha avaliación o máis obxectiva posible e debe coñecer claramente o sistema de avaliación de forma que o/a alumno/a teña control sobre a aprendizaxe e a avaliación.

CÓMO AVALIAR AO NOSO ALUMNADO?

A avaliación será Criterial, interpretando os resultados en función do alumno/a e avaliando o seu propio progreso, é dicir, o resultado obtido do individuo comparase con outros resultados obtidos polo mesmo nas mesmas actividades ou probas.

Principalmente empregaremos procedementos e técnicas de observación.

Rexistraremos a información empregando diferentes Instrumentos de Avaliación como:

- ESCALAS DE VALORACIÓN.
- REXISTRO ANECDÓTICO: para acontecementos que sexan significativos a efectos de avaliación.
- LISTAS DE CONTROL: consiste nunha serie de ítems referidos a características, accións e actividades, nas que se indicará simplemente se se realizan ou non.
- RÚBRICAS.

Tamén empregaremos en momentos máis puntuais:

- TEST MOTORES: miden as cualidades físicas básicas que posúe o alumnado para realizar unha actividade física.
- PROBAS DE EXECUCIÓN.
- REVISIÓN DE TRABALLOS E TAREFAS.

CÁNDO AVALIAMOS AO NOSO ALUMNADO?

1- Avaliaremos en cada unidade didáctica.

Avaliarase ada unha das Unidades Didácticas sobre 10. Para isto, tomaremos de referencia os criterios de avaliación xunto cos seus mínimos de consecución establecidos para cada unha das UD.

2- Avaliaremos en cada trimestre.

Para avaliar cada trimestres teremos en conta as Unidades Didácticas levadas a cabo en cada un dos trimestres. A nota do trimestre será o resultado da nota ponderada acadada polo alumno/a en cada UD, tendo en conta a % de peso que ten esa UD no punto 3.1.

3. Avaliaremos ao final de curso na avaliación final u ordinaria.

Estamos ante unha avaliación continua, de carácter formativo, na que se ten en conta a evolución positiva nas aprendizaxes e se establecen mecanismos de recuperación. Se un alumno ou alumna alcanza a cualificación máis alta na terceira avaliación, esta será a súa cualificación final; pois isto suporá que ao finalizar o proceso educativo progresou nas súas aprendizaxes.

Se por outra banda, a súa cualificación máis alta non é a da terceira avaliación. Realizarase unha media ponderada das tres avaliacións, tendo en conta as porcentaxes establecidas no apartado 3.1.

- 1º TRIMESTRE: 33%

- 2º TRIMESTRE: 33 %
- 3º TRIMESTRE: 34 %

Criterios de recuperación:

Cando o progreso dun alumno/a non é o axeitado e non alcance os mínimos establecidos nos criterios de avaliación estableceremos as seguintes premisas:

-Comunicación disto á familia e paralelamente á persoa docente titora. Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e explicándolle o que precisa para acadar ese/s mínimo/s de consecución e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- En canto aos criterios de avaliación plantexados de xeito progresivo quedarán superados cando na seguinte avaliación sexan acadados.
- Para os criterios de avaliación plantexados de xeito non progresivo ou específicos proporánselle actividades ao longo do curso nas distintas UD dándolle ao alumnado a oportunidade de alcanzalos.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é un factor inherente a calquera grupo-clase. Cada alumno/a é diferente e estas diferenzas son consecuencia de diversos factores: capacidades, motivacións, intereses, situacións sociais, etc.

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

MEDIDAS XERAIS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

- En primeiro lugar realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida de cada nena/o. Os resultados desa avaliación serán o punto de partida para o traballo e terase en conta o progreso de cada nena/o e non só os seus resultados de aprendizaxe.
- Atenderemos ao principio de INDIVIDUALIZACIÓN no ensino, adaptándonos a cada neno/a e propoñendo actividades que se adapten a distintos niveis de execución.
- Atenderemos ao principio de INCLUSIÓN educativa, promovendo e buscando a inclusión de todo o alumnado. Para conseguir este fin incorporaranse metodoloxías como o traballo cooperativo en grupos heteroxéneos.
- Facilitando espazos e estratexias de participación para todas as alumnas e alumnos.
- Realizaranse actividades de REFORZO e AMPLIACIÓN cando sexa preciso.

MEDIDAS PARA ATENDER AS NEAE:

Enténdese por alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por se atoparen en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por se teren incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

A atención das NEAE levarase a cabo de forma coordinada con todo o profesorado que imparten docencia no grupo, ás familias e ao Departamento de Orientación.

Se priorizarán as seguintes medidas:

- Adaptacións metodolóxicas.
- Adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación.
- Colaboración co profesorado do grupo, especialmente o profesorado titor.
- Reforzo educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.		X						
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.			X	X				X
ET.4 - Fomento da creatividade	X		X	X				
ET.5 - Emprendemento.			X	X				
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz, rexeitamento da violencia e resolución pacífica de conflitos.			X	X				
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable.		X						
ET.9 - Igualdade e non discriminación por calquera motivo (raza, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, nivel de competencia motriz, etc.).	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - O traballo en equipo, confianza nun mesmo.	X						X	X

	UD 9
ET.1 - Educación para a saúde.	X
ET.2 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita.	
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	
ET.4 - Fomento da creatividade	
ET.5 - Emprendemento.	

	UD 9
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X
ET.7 - Educación para a paz, rexeitamento da violencia e resolución pacífica de conflitos.	
ET.8 - Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sustentable.	
ET.9 - Igualdade e non discriminación por calquera motivo (raza, discapacidade, orientación sexual, identidade de xénero, nivel de competencia motriz, etc.).	X
ET.10 - Educación emocional	X
ET.11 - O traballo en equipo, confianza nun mesmo.	X

Observacións:

A continuación recóllense os elementos transversais a traballar dende todas as áreas:

- A lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital,
- A creatividade,
- O emprendemento traballaranse en todas as áreas.
- A igualdade entre mulleres e homes,
- Educación para a paz,
- Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable
- Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- Educación emocional e en valores.
- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos
- Rexeitamento de calquera tipo de violencia.
- Igualdade e non discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- O traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico

Concretamente, dende a área de Educación Física, daremos especial importancia á educación para a saúde, que estará presente en todas as unidades e tamén terá moita presenza a resolución pacífica de conflitos, a igualdade e non discriminación, a igualdade efectiva entre mulleres e homes e a educación emocional.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Saída á contorna para realizar actividade física	Realizarse unha saída para realizar actividade física na contorna, preferiblemente en espazos naturais.		X	X
- Conmemoración do Magosto.	Realizarse unha castañada e xogos tradicionais.	X		
- Conmemoración do 25 de novembro	Realizaremos unha marcha contra a violencia de xénero..	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
- Conmemoración do Día das letras galegas.	Entre outras actividades, realizaremos unha danza tradicional que practicaremos en Educación Física, traballando de forma interdisciplinar coa área de música.			X
-Conmemoración do Día Mundial do Medio Ambiente	Concienciaremos ao alumnado da importancia do coidado e preservación do medio ambiente, coincidindo coa nosa unidade final na que traballamos xogos e actividades na natureza.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
As actividades propostas contribúen ao logro dos obxectivos.
As actividades propostas contribúen ao logro das competencias clave.
Adecuación da selección e secuenciación dos contidos nas U.D.
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente os temas transversais. (igualdade, educación para a saúde...)
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planificación: adecuación das tarefas dos tempos e da organización na aula.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
O clima na aula foi o apropiado para o traballo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación co profesorado.
Outros
O proceso de ensinanza-aprendizaxe favorece a autonomía e a participación do alumnado.
O alumnado estivo motivado de cara a aprendizaxe e ás actividades de aula.

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes se fose preciso. Trimestralmente utilizaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado. Para a valoración dos indicadores de logro empregaremos instrumentos de avaliación como a escalas de observación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

O/A mestre/a de Educación Física, polo tanto, ao remate do curso e unha vez revisados os resultados académicos, a avaliación docente e a avaliación do proceso de ensino - aprendizaxe, tomará as posibles medidas conducentes á mellora deses resultados realizando unha análise en profundidade da programación didáctica.

Estas propostas de mellora tamén serán recollidas na memoria final.

Ademais, realizarase un seguimento trimestral da programación. Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo. Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Os aspectos susceptibles de análise serán os formulados no apartado 8.1. para a avaliación do proceso de ensinanza e a práctica docente, os resultados obtidos polo alumnado e calquera outro que poidan requirir as administracións.

9. Outros apartados